

# LINGUA

## Comprensión lectora 7

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

### Antes de ler o texto.

Ter medo é tan humano como ter fame, ter catarro, estar alegre, triste ou anoxado... Temos medo os pequenos e os adultos. O importante é atopar a maneira de superalo.

De neno tíñalle medo aos descoñecidos e cando algún adulto me falaba, baixaba a cabeza e centraba a mirada no brillo intrigante dos zapatos lustrosos de meu pai. Tiñan un aquel enigmático, nunca estaban sucios a pesar de velos andar por carreiros cheos de lama. Apenas lembro a cara do meu pai, só aqueles zapatos. O mesmo acontecía coa miña nai: se algo me asustaba, turraba polo seu xerse e cubría a cara con el como se a la fose un escudo que me protexía de todo.

Eu fun neno durante moito tempo, a miña infancia pareceume eterna, as horas eran interminables, e os meus medos alonxábanas máis aínda. Tíñalle medo ao mestre, por iso as clases parecían non rematar nunca. Tíñalle medo á escuridade, o que facía as noites tan longas que cría que o sol non ía volver saír nunca máis. Tíñalle medo ás alturas, iso levou a que non me relacionase cos outros rapaces, dado que para chegar á vila tiña que cruzar unha ponte que parecía non chegar nunca ao outro lado. Tíñalle medo á auga; para non morrer dun corte de dixestión agardaba ata cinco horas inacabables sen me meter no mar.

Cando deixei de ser neno, meu pai quixo que eu estudase para médico, e saquei a carreira a pesar do arrepío que me producía o sangue. Fíxeno por medo a decepcionar a meu pai.

Ao rematar a carreira sentíame incapaz de exercer de médico e aceptei o primeiro traballo que me ofreceron: vendedor de enciclopedias a domicilio. Acepteino por medo a estar desempregado eternamente.

Un día quedei encerrado neste ascensor. Foi entón cando recoñecín a covardía enfermiza que caracterizou a miña existencia. E foi entón cando decidín que ao saír deste caixón ía acabar con ese medo a todo.

Raquel Uzal, na Biblioteca Virtual Galega (adapt.).

1 Marca cun X catro situacións, persoas, obxectos... que, de neno, lle daban medo ao home que fala.

- |  |                                       |                                   |
|--|---------------------------------------|-----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> o sangue        | <input type="checkbox"/> a escuridade | <input type="checkbox"/> o mestre |
| <input type="checkbox"/> os descoñecidos | <input type="checkbox"/> o desemprego | <input type="checkbox"/> a auga   |

2 Por que non se relacionaba con outros rapaces? Elix a opción correcta.

- Porque non lle caían ben.
- Porque lle tiña medo a un que era moi bruto.
- Porque lle tiña medo á altura, e para ir con outros rapaces tiña que atravesar unha ponte.
- Porque temía non lles parecer simpático.

3 Por que despois de comer agardaba ata cinco horas antes de se bañar no mar?

.....

4 a) Que carreira estudou de maior? Por que?

.....

b) Que traballo desenvolveu logo?

.....

5 Cando decidiu acabar cos seus medos?

.....

6 Ponlle un título adecuado á lectura.

.....

**Pensa un pouco máis**

Di algo ao que ti lle teñas medo e pensa en posibles solucións para superalo.

.....

.....

.....

.....